



COMUNICADO CONXUNTO: LOGRO SINDICAL NA NEGOCIACIÓN DE CONDICIÓN DO PERSOAL INTERINO E SUBSTITUTO (19/01/2026)

CCOO Ensino, ANPE, CSIF e UGT-SP, como organizacións sindicais asinantes do [“Acordo para as condicións de traballo do persoal interino e substituto”](#) informamos dun avance fundamental alcanzado polos catros sindicatos e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP no seo da comisión de seguimento deste Acordo.

Tras intensas xornadas de traballo, as organizacións sindicais asinantes logramos un cambio histórico no sistema:

A FIN DA OBRIGATORIEDADE TANTO DE MATRICULARSE COMO DE PRESENTARSE ÁS OPOSICIÓN PARA MANTERSE EN LISTAS DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓN

Froito do traballo e a negociación sindical, acordouse finalmente a eliminación da obrigatoriedade de presentarse aos procedementos selectivos de persoal docente para manterse nas listas de interinidade e substitucións desta Consellería.

Esta obriga suprímese **SÓ** para o persoal que teña posto consolidado.

Para o persoal non consolidado ou para incorporarse a listas **SEGUE SENDO NECESARIO** presentarse ás oposicións.

BENEFICIOS PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS E PARA O SISTEMA EDUCATIVO:

Desde **CCOO Ensino, ANPE, CSIF e UGT-SP** defendemos esta medida baseándonos en argumentos sólidos que benefician ao conxunto do profesorado e do sistema educativo:

- **Optimización dos tribunais de oposición e redución da carga burocrática e organizativa:** a asistencia masiva e por mero trámite aos procesos selectivos xeraba unha sobrecarga de xestión para os tribunais. Agora, estes poderán centrarse nas persoas opositoras que opten realmente a obter praza, axilizando a loxística e os



tempos e reducindo o número de reclamacións e incidencias durante o proceso e tamén posteriormente.

- **Reparto de prazas máis xusto:** corríxense situacións inxustas como que un tribunal recibira mais prazas que outro, só polo feito de ter maior número de persoas presentadas, ao obrigarlle ao persoal interino e substituto a presentarse para non decaer das listas
- **Facilitación da conciliación e a loxística familiar:** a medida pon fin aos desprazamentos obrigatorios motivados unicamente por un trámite administrativo. Ao eliminar a participación forzosa, permítese que o persoal interino e substituto poida organizar a súa vida familiar e os seus tempos de conciliación con maior liberdade, evitando viaxes innecesarias que non achegan valor ao proceso selectivo e respectando a autonomía de cada docente para planificar o seu calendario de oposicións.
- **Seguridade xurídica e estabilidade:** adaptamos as listas de interinidade e substitucións a un modelo de xestión máis avanzado e eficiente, garantindo que a permanencia en listas do persoal docente quede debidamente acreditada polo seu traballo efectivo, sempre tendo en conta as causas e número de renuncias xustificadas.

COMPROMISO E AVANCE CONTINUO:

Este logro é un paso máis na mellora das condicións laborais do persoal interino e substituto, un colectivo esencial para a calidade do sistema educativo público galego. Seguiremos traballando para que o resto dos puntos do acordo blinden os vosos dereitos e recoñezan o voso labor.

Desde **CCOO Ensino, ANPE, CSIF e UGT-SP** manterémosvos informados detalladamente unha vez se proceda á sinatura definitiva desta nova addenda ao “Acordo para as condicións de traballo do persoal interino e substituto” e se publique o texto íntegro no DOG.